

**Fundamentos de economía y gestión de la salud**

MANEL ANTELO, JOSÉ M<sup>a</sup> FRAGA, JUAN CARLOS REBOREDO [coord.]  
Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 2010  
[498 páxinas]

Recibido: 24 de setembro de 2012

Aceptado: 27 de setembro de 2012

Durante as últimas décadas a ensinanza e investigación da economía da saúde e a xestión sanitaria experimentou un extraordinario desenvolvemento en España, acompañando ao crecemento e á transformación do Sistema Nacional de Saúde. A crecente complexidade tanto da arquitectura institucional do sistema como das organizacións sanitarias que operan no seu seo demanda unha formación esixente e rigorosa, unida á dispoñibilidade de textos que sirvan como referencia. Sen a tradición anglosaxona neste campo, constitúe un reto de envergadura que, porén, se está enfrontando con notable solidez e solvencia.

Un exemplo destacado constitúe este libro, *Fundamentos de Economía y Gestión de la Salud*, coordinado polos profesores Antelo, Fraga e Reboredo, que con toda seguridade se vai converter nun texto de referencia en castelán para todas as persoas interesadas en formarse en economía e xestión da saúde. O texto xerouse no marco das sucesivas edicións do Máster de Economía e Xestión da Saúde organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, e recolle o núcleo duro dun proceso de formación nestas materias. Nunha área do coñecemento tan ampla como a que representa a economía da saúde e a xestión sanitaria, non é posible unha abordaxe exhaustiva. Non están todos os que son pero, sen dúbida, os que están son, e están a un nivel homologable aos manuais anglosaxóns de referencia, coa importante vantaxe da súa adaptación á realidade específica do Estado español.

O capítulo 1 “Introducción a la economía de la salud”, de Xavier Martínez-Girrat, realiza unha rigorosa exposición dos contidos fundamentais desta disciplina. A exposición dos contidos combínase con gráficas que facilitan a comprensión e a aprendizaxe. O autor describe os principais tópicos que constitúen o ámbito da disciplina, dedicándolles un especial interese ao mercado sanitario e aos fallos que o afastan do mercado de competencia perfecta: monopolio, bens públicos, externalidades, risco e incerteza e asimetría de información, entre outros. O capítulo constitúe unha excelente introdución ao resto dos contidos do libro.

O capítulo 2, desenvolvido por Manel Antelo e Juan Carlos Reboredo, aborda a avaliación económica en sanidade, describindo as distintas técnicas que a compoñen: minimización de custos, análises custo-beneficio, análise custo-efectividade e análise custo-utilidade, sinalando as vantaxes e os inconvenientes de cada unha. Este capítulo é de lectura obrigada para todos aqueles que estean interesados en coñecer unha das ramas máis dinámicas da economía da saúde.

Francisco Reyes analiza no capítulo 3 o financiamento das prestacións sanitarias, describindo e avaliando os diferentes mecanismos de financiamento sanitario a nivel territorial desde a teoría do federalismo fiscal na súa dobre perspectiva de

gasto e de ingresos. A continuación analiza os principais indicadores sanitarios utilizados no financiamento descentralizado da sanidade, así como os modelos aplicados noutros países coa sanidade descentralizada territorialmente. O capítulo termina cunha análise das fórmulas de participación do usuario no custo da sanidade.

O capítulo 4, a cargo de Beatriz Aibar e Cristina Aibar, trata do sistema de información contable e das súas características nos centros sanitarios; un capítulo moi pedagóxico, con exemplos prácticos que introduce de forma clara a linguaxe contable para facelo accesible a calquera que teña interese en comprender os estados financeiros das organizacións sanitarias.

No capítulo 5 Beatriz Aibar e María Isabel Blanco realizan unha sólida introdución á contabilidade de custos nas organizacións sanitarias. Logo da exposición dos conceptos básicos, as autoras describen os distintos métodos e modelos existentes de cálculo de custos, os sistemas de planificación e control, e a información para a toma de decisións.

Mercé Casas, Carles Illa e María Soler estudan no capítulo 6 a información para a xestión no marco do Sistema Nacional de Saúde, describindo a situación actual en España, desde as fontes de datos dispoñibles ata os usos que os distintos axentes do sistema realizan delas. Finalmente, o capítulo aborda unha breve discusión sobre o futuro dos sistemas de información para a xestión nos sistemas sanitarios.

Josep Albet analiza o *management* dos hospitais no capítulo 7. O autor pon a énfase en que os hospitais son organizacións e como tales susceptibles de beneficiarse ao aplicar os coñecementos xerados pola ciencia do *management*. O capítulo explora os principais conceptos do *management* e a súa aplicación ás organizacións hospitalarias, xunto cunha análise das dificultades da súa aplicación no contexto do sistema sanitario español.

O capítulo 8, titulado (novas) “Formas de incentivación en atención primaria”, de Vicente Ortún, ofrece unha perspectiva anovadora dos incentivos ao incorporar algúns dos recentes resultados da economía do comportamento, destacando o papel fundamental das emocións na motivación humana. O autor analiza os incentivos en tres niveis: as regras sociais do xogo como as normas clínicas e as relacións coa industria farmacéutica, as formas organizativas e o grao de competencia entre elas, e os incentivos individuais ou de grupo como a promoción, o prestixio, a estabilidade ou o diñeiro, entre outros.

Finalmente, o manual cérrase cun capítulo sobre deseño mostral e a análise estatística en economía da saúde de Pedro Juez, onde se describen los diferentes aspectos dun proxecto de investigación sanitaria. A continuación, cunha notable capacidade de síntese, analízanse as técnicas máis empregadas utilizando exemplos, desde a estatística descritiva, a confección de índices ou o contraste de hipóteses ata a regresión lineal ou loxística.

En resumo, estamos fronte a un manual cheo de acertos que, con toda seguridade, se vai converter nun texto de referencia para a formación en economía da saúde e xestión sanitaria.

JOSÉ JESÚS MARTÍN MARTÍN  
Universidade de Granada